


Amigo Carvalho

Do Halley
ao Hubble






Amigo Carvalho

Do Halley ao Hubble

Guión e debuxos
Pepe Carreiro








Na madrugada do día 30 de outubro de 1910 naceu en Ferrol Ricardo Carvalho Calero, fillo de Dolores Calero Beltrán e Gabriel Carballo Naya. Meses antes, durante a primavera, a cauda do cometa Halley atravesou o ceo, segundo algúns indicando calamidades, mais tamén houbo eséxetas para quen o Halley anunciaba boas novas, como a do nacemento de Xesús de Nazaret. Quen sabe entón se aquel ano o astro non anunciara a chegada ao mundo de Ricardo?.

O neno naceu no Ferrol Vello, na rúa de San Francisco número 51. Logo, na igrexa da Nosa Señora do Socorro, bautizárono como Ricardo, Leopoldo, Ángel, José, Gerardo. Mais sería sempre Ricardo para todo o mundo.



Como a moitos outros nenos de Ferrol, a Ricardo pasoulle pola cabeza ser mariño de guerra. Non é raro, pois a cidade era base da Armada e tanto os buques como os pimpantes uniformes dos oficiais habían inflamar as fantasías infantís.


Mais a Ricardo o que xa lle tiraba verdadeiramente era escribir poemas e asistir cos pais ao teatro Jofre.



Aos 16 anos foi co pai buscar pousada en Santiago de Compostela, onde ía comezar a carreira de Dereito. Era tanta a estima que Ricardo tiña pola Universidade que parou diante do edificio e tirou o sombreiro en sinal de respecto.



En Santiago de Compostela coñeceu outros escritores, como Francisco Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro ou Luís Tobío, algúns estudantes coma el. Era habitual naqueles anos conversar paseando pola Alameda, entre outras razóns, para non gastar os cartos en bares e cafés.



Relacionouse tamén con Vicente Risco, Otero Pedraio e Castelao, que xa eran homes maduros, da xeración Nós. E comprometeuse nunha chea de cousas.



Sendo aínda un mozo de 18 anos, Carvalho deu unha conferencia no "Centro Obrero de Cultura", de Ferrol, titulada *En torno a las ideas comunistas de Platón*. Era a primeira conferencia que daba.



A idea da propiedade individual é un instinto tanto máis acusado canto menos se ten avanzado no camiño da civilización.



È necesario varrer as palabras *teu e meu*, sustituíndoas por *noso, da comunidade*.



O comunismo moderno establécese para mellorar a situación dos oprimidos polo capitalismo, aparecendo como unha aspiración das clases inferiores.



Réstame só, para rematar, facer votos por que a gran obra socialista, purificada de todos os seus humanos extravíos e libre de todos os seus accidentais erros, chegue a imporse en todas as consciencias e a reinar en todos os espíritos.

Xa nos últimos días da ditadura do xeneral Primo de Rivera e o reinado de Alfonso XIII, a forza pública entrou ilegalmente na universidade compostelá e dissolveu unha folga de estudantes. Carvalho, que era antiditatorial e antimonárquico, como a maioría dos universitarios, escribiu a crónica destes feitos.

Mais Carvalho tamén criticaba a falta de espírito galego dos estudantes composteláns, que vía máis atentos ao que se dicía en Madrid que ao que pasaba en Galiza.



Poesía

A poesía era para Carvalho “unha maneira de expresar esa transcendência, unha maneira de purificar-se, de purgar as angúrias, as preocupazóns do home”. Como escritor, sentíase sobre todo poeta.

Carvalho Calero escribiu poesía toda a súa vida, dende neno até os derradeiros días. Publicou na década de 1980 varios libros: *Pretérito imperfecto* (1927-1961), *Futuro condicional* (1961-1980), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) e *Reticências...* (1986-1989).

Irei-me sem sabê-lo.
Mais de setenta anos perguntando-o.
A resposta, silêncio.

Cai morto o prisioneiro sem ver nada.
O espectador que está vivo e atento...
algo mais vê. A porta que se abre.
Mais nada. Alguém hai dentro?

Cantigas de amigo e outros poemas (1986)



Como calquera outro mozo daqueles tempos, Carvalho Calero fixo o servizo militar. Mandárono a artillaría montada, ao cuartel que había en Compostela onde agora está o Parlamento de Galiza. Mais, aínda que seica gastaba botas con esporas, non chegou a montar a cabalo.

Son o número tres.
Posto de doce a duas.

As estrelas das miñas
esporas
dialogan coas estrelas
do ceo.

O 12 de abril de 1931, as forzas políticas republicanas gañaron as eleccións municipais. A xente botouse ás rúas, entrou nos concellos, retirou os retratos dos monarcas, e nomeou alcaldes republicanos. O rei Alfonso XIII xa "non tiña o amor do seu pobo", segundo dixo, e marchou ao exilio. O día 14 proclamouse a II República. Un aire fresco de liberdade empurrou a política e a cultura.



En 1931, Carvalho licenciouse en Dereito cun expediente académico brillante.

Traballou de funcionario en Ferrol. E seguiu a estudar Filosofía e Letras, coa idea de chegar a ser profesor universitario.





En decembro de 1931, aos poucos meses de se proclamar a República, Carvalho participou na asemblea na que se fundou o Partido Galeguista. En maio, redactara, con Lois Tobío, por encomenda do Seminario de Estudos Galegos, o anteprojecto de Estatuto de Autonomía para Galiza.



En 1933 casou coa profesora María Ignacia Ramos, que coñecera en Compostela sendo ambos estudantes.




O 17 de xullo de 1936, unha tropa de lexionarios, afeita a degolar mouros e reprimir obreiros, sublevouse en África contra a República. Ao mando desta horda púxose Franco, un xeneral ferrolán. Foi o chispazo que fixo estalar un golpe que se viña organizando había tempo. A sublevación estendeuse logo por toda a península, tamén por Galiza, a pesar da resistencia dos mariñeiros da base naval de Ferrol, que prenderon os oficiais golpistas e mantiveron os buques da Armada fieis á República.



Carvalho Calero estaba eses días en Madrid. Xa se licenciara en Filosofía e Letras e opositaba para profesor de instituto. As oposicións foron afectadas polo rebumbio da sublevación, mais Carvalho conseguiu a praza de catedrático.

En Madrid recibiu un telegrama comunicándolle que nacera Magalí, a súa primeira filla. Mais, debido ao golpe militar, non puido regresar a Ferrol.



Carvalho alistouse nun batallón de milicianos republicanos e participou na defensa de Madrid. A capital estaba ameazada polas tropas sublevadas, que xa entraban polas rúas dos arrabaldes.

Non sei
se matei.
Estiven
na trincheira.
Non vin
o meu
nemigo.
Disparei.
Non sei
se matei.
Fun ferido.
Mais
non
sei
se
matei.



Como a maior parte do exército se sublevou, o goberno da República tivo que defenderse principalmente con milicianos. Mais, para gañar a guerra, era preciso un exército ben organizado. O goberno decidiu entón formar oficiais capaces de dirixir as unidades. Carvalho, debido á súa boa formación cultural, foi un dos elixidos e destinado como tenente de artillaría a Andalucía. Mais en 1939, ao gañaren os sublevados a guerra, prendérono por "adhesión á rebelión". Este contrasenso, de seren os rebeldes quen condenaban por rebelión aos que se mantiveron fieis á República, foi habitual incluso despois da guerra, e durante todo o franquismo.



Carvalho foi condenado a doce anos e un día de reclusión maior e encerrado no convento de Santa Úrsula, de Jaén, reconvertido en cárcere, porque non había prisións abondo para encerrar tanto preso como estaban a facer os vencedores.


Mais, aínda abatido, Carvalho non deixou de escribir.

Carteábase tamén cos amigos, entre eles, Francisco Fernández del Riego.



A suas cartas viñan carregadas dun obrigado pesimismo. Pechado entre os espesos muros dun vello convento andaluz, Carvalho Calero considerábase un fiel perseguido da desventura.

Resulta ridículo que a dór seña fecunda. A fecundidade é filla do pracer. A amargura non pare, ao sumo aborta.



En 1941, despois de dous anos preso, Carvalho saíu do convento-presidio. Como a outros moitos presos, soltárono porque a ditadura non podía manter tantos reclusos.

Volveu, por fin, a Ferrol, onda a súa familia. Mais tivo que presentarse periodicamente ante as autoridades durante os doce anos e un día que durou a condena.



E, como a ditadura que impuxeron os vencedores da guerra non lle permitía ser profesor de instituto, traballou en academias privadas.

E continuou escribindo. Colaboraba tamén co xornal compostelán La Noche e coas revistas da emigración Galicia, Lar e Galicia Emigrante.



NARRATIVA

Carvalho Calero escribiu *A xente da Barreira* cando saíu da prisión. Foi o primeiro romance en galego que se publicou despois da guerra. Aos 75 anos escribiu *Scórpio*, un romance inspirado nas súas propias vivencias de mozo universitario e de combatente.

Fim da República.

E a Galiza? Bóveda, imolado; Castelao, em Nova Iorque.

Scórpio, morto cabo de Cleo polas bombas da aviación fascista, non sei se invejar a tua sorte.

Se sobrevivir, e tenho sossego para isso, talvez retome aquel projecto que outrora alimentei de escrever a tua história. De inventá-la, pois foste sempre un mistério para mim. Mas, quem pensa em escrever a historia de um home agora que agoniza todo um mundo?

Scórpio (1987)



En 1950, Carvalho trasladouse a Lugo, para traballar no colexio Fingoi como conselleiro delegado. Realmente ía como director, mais non podía figurar co tal porque a liberdade condicional aínda non llo permitía. O Fingoi era un colexio anovador que daba un ensino baseado nos coñecementos prácticos e na cultura do país. As nenas e nenos estudaban xuntos, cousa rara naqueles anos, en que os colexios separaban por sexos.

Carvalho introduciu o teatro no colexio. El mesmo facía de director e incluso de actor nos ensaios.

As alumnas e alumnos representaban tamén obras xaponesas en galego, incluso con quimonos, para entenderen que o seu idioma vale para representar calquera cultura, non só os costumes das aldeas galegas.



A minha afección ao teatro, afección que só esporadicamente poden cultivar ao longo da minha vida, data dos meus anos infantís.

TEATRO

Carvalho foi toda a vida un afeccionado ao teatro, xa desde cando neno ía cos pais ao teatro Jofre de Ferrol. As súas obras están recollidas nos libros *Catro pezas* e *Teatro completo*. Unha das súas pezas máis populares é *A farsa das zocas*, baseada nun relato que unha alumna súa do colexio Fingoi oíu nunha aldea de Lugo.

¡Ai, eu morro; eu morro; eu morro! ¡Ai, as miñas illargas, ecetra, ecetra! Son muller pra pouco. Acabo-me. ¡Ai, os meus rens: ai, o demais! ¡Ai, Divina! ¿Onde estás? ¡Ai, Divina!

¡Ai, Divina! Atópo-me moi mall. ¡Ai, Divina! ¡Vou-me! ¡Vou-me deste mundo! ¡Ai, os meus cadrís! ¡Ai, que non aturo!


E logo, ¿que che pasa? ¿Que berros son eses?

A farsa das zocas
(escrita en 1948 e
publicada en 1963)




OS ANOS 60

Pouco antes de principiar a década dos 60, en 1958, Carvalho ingresa na Academia Galega.



En 1960 aprobaban a comercialización da píldora anticonceptiva, impulsora da liberación sexual feminina.



En 1961 a editorial Galaxia publicaba o libro de poesía de Carvalho Calero *Salterio de Fingoy*.



En 1963 Martin Luther King pronunciaba en Washington o seu famoso discurso contra a discriminación racial "I have a dream".

En 1963 a editorial Galaxia publicaba *Historia da literatura galega contemporánea*, obra de Carvalho Calero, na que traballou moitos anos.

The Beatles, Rolling Stones, Bob Dylan, Joan Baez, Caetano Veloso, Raimon ou Voces Ceibes representan a música desta década.



En 1965 os EUA comezaron a bombardear intensamente Vietnam, Laos e Camboia, con napalm e outras armas químicas



En 1965, aos 55 anos, unha vez cancelados os antecedentes penais, Carvalho obtiña, por fin, praza de profesor de instituto.



En 1965 os *marines* dos EUA invadiron a República Dominicana, o seu "patio traseiro".




En 1966 a editorial Galaxia publicaba *Gramática Elemental del Gallego Común*, de Carvalho Carlero, da que se fixeron sete edicións.



En marzo de 1968 a policía volveu entrar na universidade compostelá para disolver unha folga de estudantes. En maio rebeláronse os estudantes de París contra o capitalismo.



En 1969 Neil Amstrong pisou a Lúa por primeira vez na historia da Humanidade.



En 1972, Ricardo Carvalho Calero obtén, por oposición, a cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Univerdidade compostelá, da que era docente desde 1965. Era o obxectivo que perseguira, desde que en 1931 empezara a carreira de Filosofía e Letras, e que nin a guerra nin os atrancos da ditadura puideron impedir. Os seus amigos organizaron un xantar para celebralo.



Carvalho Calero pediu adiar o xantar de celebración, en sinal de respecto a Amador Rei e Daniel Niebla, dous obreiros que matou a policía en Ferrol durante as folgas que se estaban a producir aqueles días no sector naval. A loita obreira era apoiada polos estudantes da universidade compostelá e por moita xente en toda Galiza. O 10 de marzo de 1972, día da morte de Amador e Daniel, ficou fixado no calendario como Día da Clase Obreira Galega.

BANC! BANC!



CIENCIA

"Ademais do labor de creación, é de sinalar o atento estudo que Carballo Calero lle adicou aos problemas da lingua. Para el a historia do idioma galego era a historia mesma de Galicia", dixo do labor científico de Carvalho o seu fraternal amigo Francisco Fernández del Riego. Carvalho Calero esculcou en profundidade a lingua e a literatura galegas.

Distínguese inmediatamente a aquel investigador para quen o obxecto da súa investigación é un material neutro desde o punto de vista afectivo e aquel que, aplicando todo o rigorosamente lle sexa posíbel os sus métodos científicos, está sen embargo interesado en dar a coñecer, en potenciar a actividade lingüística do seu pobo con esperanza de que non se interrompa a corrente de creación que esa actividade lingüística supón. Eu, naturalmente, estou dentro desta segunda corrente.

Carvalho Calero



Praza de Mazarelos, en Santiago de Compostela, onde estaba a cátedra de Lingua e Literatura Galegas.

O conflito lingüístico segundo Carvalho Calero

"Unha lingua non pode perpetuarse se non se exercita".

Yo no hablo gallego porque nadie lo usa.

Pues yo no lo uso porque nadie lo habla.




A influencia do español convertirá o galego nun dialecto. "Ou o galego se assume como galego-portugués, ou a súa dialetalización acabará por confundí-lo com o español".

Esta Carmela é bestial. Gústanme muchísimo os seus vídeos.



"Na nosa terra o que funciona é unha diglósia, existe unha lingua alta e unha lingua baixa". Naturalmente, a situación resólvese a favor da lingua alta.

Tendo rastrillos mecánicos, quen quere angazos?.



Para Carvalho Calero, literatura galega é a que utiliza a lingua galega. Se non utiliza o galego, non pode considerarse literatura galega, aínda que fale de cousas moi enxebres.

Yo, en mis libros, hablo de corredoiras y de morriña. No me negarán que hago literatura gallega.




O reintegracionismo

"O reintegracionismo supom o razoável reingresso na comunidade lingüística á que realmente pertence o galego".

"O galego-português, o castelhano e o catalán som as três línguas románicas da Península". "O galego ou é galego-português ou é galego-castelam. Ou somos umha forma do sistema occidental ou somos umha forma do sistema central. Non hai outra alternativa".



"Un galego con ortografía castelhana é próprio dun país que renuncia à autonomía cultural e considera a sua língua un dialecto daquela que lle presta a sua normativa gráfica. O galego debe ter umha ortografía própria, e non debe ignorar que dentro do mundo hispánico occidental hai unha lingua codificada e normalizada que está ligada à nosa por laços estreitos".



"O Galego-Português, na Galiza denominado Galego, e internacionalmente conhecido como Português, é a língua oficial de Angola, Brasil, Cabo Verde, Timor Leste, Galiza, Guiné Bissau, Guiné Equatorial, Macao, Moçambique, Portugal, Sao Tomé e Príncipe..., comunidade lingüística internacional coñecida como Lusofonia (também Galegofonia ou Galego-Lusofonia". Uns 275 millóns de falantes.



Illarnos da lusofonía, convertiríanos en robinsóns. "O isolacionismo fronte ao portugués nom pode conducir senom ao bloqueio das posibilidades de expansom do noso idioma. Se o galego se desintegra do seu sistema natural, nom tem ante si mais perspectivas de futuro que a integraçom no sistema castelam".



Un intelectual incómodo para a Galiza oficial

Un bilingüismo a nivel de povo, ou nación, sería patológico. Sería un desdoblamento da personalidade, un fenómeno de psicopatología.

Que sentido pode ter a obrigatoriedade do ensino da nosa lingua se non cabe o deber de coñecé-la por parte dos galegos?




E se ninguén ten o deber de coñecé-la, por que se chama lingua oficial?

Porque no Boletín Oficial do Goberno Autónomo hai que insertar as disposicións en castellano e en galego, linguas que a xuízo da Xunta son dabondo semellantes?




Á Galiza oficial, é dicir, a do poder e os individuos que viven a conta del, amoulle que Carvalho fose crítico co marco constitucional-estatutario español.

Nunha das súas derradeiras entrevistas, declarou que el non era conformista "frente á política seguida polas forzas que gobernaron a nosa Autonomía até agora. Eu máis ben me considero fóra da situación presente. Non se pode dicir que sexa especialmente distinguido polos nosos gobernantes. En algúns aspectos, como por exemplo o aspecto lingüístico, e dentro do aspecto lingüístico o da normativización do idioma, estou claramente escomungado".



Ricardo Carvalho Calero mantívose fiel a si mesmo. Foi condenado ao ostracismo pola Galiza oficial, mais houbo e hai moita xente admiradora e seguidora dun escritor, profesor e científico verdadeiramente senlleiro. En vida foi recoñecido por parte de todas as asociacións vinculadas á cultura galega de base e ao nacionalismo galego.

Ricardo Carvalho Calero finou o 25 de marzo de 1990 en Santiago de Compostela. Un mes escaso despois foi lanzado ao espazo o telescopio espacial Hubble. Haberá quen teña a esperanza de que algunha das cámaras do aparello localice Ricardo no ceo. Outros, menos crentes, buscarano nas bibliotecas, e todos na súa obra de amor e de servizo ao pobo galego. Aquí é seguro que estará eternamente. ★







Edita

www.federaciongalizacultura.gal

federacion@galizacultura.gal

D.L.: C 1604- 2020

I.S.B.N.: 978-84-122959-0-0



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Galiza Cultura*
federación